

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 15 DE MAIO DE 2023

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00022714V.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente de data 2 de maio de 2023.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00015383P.

Licenza para a rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar no Lugar de Sarela de Abaixo, 34A.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico modificado e de execucion de data de visado do 21/04/2022 e documentación do 30/01/2023, cun orzamento de execución material de 119.860,00 €, a rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar no Lugar de Sarela de Abaixo, 34A, de Santiago de Compostela (A Coruña)

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00045934B.

Licenza para a rehabilitación de vivenda unifamiliar na finca sita en Xulacasa 5.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 11/02/2022 e a documentación presentada o 12/01/2023, cun orzamento de execución material de 114.068,22 €, a rehabilitación de vivenda unifamiliar na finca sita en Xulacasa 5, Santiago de Compostela (A Coruña).

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00021375Q.

Licenza para a rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar sita no Lg de Fraís 54, Santa María de Vilvestro.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico de data de visado do 26/04/2022 e o proxecto de execucion de data de visado do 13/12/2022 e a documentación presentada o 05/04/2023, a rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar sita no Lg de Fraís 54, Santa María de Vilvestro Santiago de Compostela (A Coruña).

5. PLANEAMENTO. Referencia: 2022/00037624G.

Aprobación inicial da Modificación puntual (MP) do Plan parcial do SUNP-7 (O Avío).

Acórdase:

Primeiro. Aprobar inicialmente a *Modificación puntual (MP) do Plan parcial do SUNP-7 (O Avío)*, segundo o proxecto presentado o día 9 de maio de 2023.

O ámbito territorial obxecto da Modificación proposta límitase á parcela catastral 000800500NH34H0001JH, sita no número 7 da rúa de Vite de Arriba). Segundo a proposta:

a) Exclúese a parcela da área de reparto do SUNP-7, ao abeiro do disposto no artigo 157 do RLSG.

b) Establécese unha nova cualificación urbanística da parcela, substituíndo a actual de zona libre pública pola aplicación do réxime da ordenanza 6 do PXOM.

Segundo. En aplicación do procedemento regulado nos artigos 75 da Lei 2/2016 *do solo de Galicia* (LSG) e 186 do seu Regulamento (RLSG), a MP inicialmente aprobada someterase a información pública, durante o prazo de DOUS MESES, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior circulación na provincia. Simultaneamente, practicarase notificación persoal aos propietarios das parcelas afectadas, segundo figuren no Catastro.

Durante o trámite de información pública darase traslado ás empresas subministradoras de servizos, e solicitaranse os informes sectoriais preceptivos.

6. PATRIMONIO. Referencia: 2023/00019996J.

Incumprimento das obrigas no alleamento das parcelas BB7, BB8 e BB11 no SUNP-12.

Acórdase:

1. Rexeitar integramente a proposta de 4 de agosto de 2022 e posterior de 29 de setembro de 2022 con nº 2022042361 e 2022051558 de cesión da adxudicación a un terceiro (PROYECTOS INMOBILIARIOS INTERESA SL) que impropriamente denominan plan de pagos, así coma a posterior de 28.4.2023 de entrada núm. 2023030075.

2. Comunicar a PROSUNP SL que dispoñen de dez días para presentar emendar a súa solicitude e presentar unha última proposta de pago ou cesión a terceiro pura e simple na que un terceiro se subrogue na posición de PROSUNP SL sen ningún tipo de condición ou novación que respecte o límite de transacción do interese público, ou proposta de pago do principal, con garantías respecto das restantes cantidades adebedadas que se apracen, xenerándose intereses en tanto non proceda ao pagamento do principal.

3. Desestimar integramente a solicitude alternativa formulada por PROSUNP SL con nº 2022011980 o 14 de marzo de 22 de revisión do prezo das parcelas BB7, BB8 e BB11 do SUNP-12 ou de resolución con abono de construcións ao existir cláusulas penais específicas para o incumprimento e deterioro non susceptibles de transacción.

4. Comunicar a PROSUNP SL que calquera dereito sobre a adxudicación das parcelas do BB-8, BB-7 E BB-11 do sunp-12 debe entenderse indudablemente co Concello de Santiago, propietario rexistral das parcelas, debendo absterse de calquera acto que o perturbe coa advertencia do exercizo de accións que procedan.

5. Requirir no prazo máximo de 1 mes a PROSUNP S.L. o pagamento na conta bancaria comunicada pola tesourería municipal as seguintes cantidades:

❖ polo segundo prazo da BB7: 169.500 euros, máis IVE , e os intereses de demora que se xeneren dende o 28/01/11 ata a data do seu pagamento.

❖ polo terceiro prazo da BB7: 282.500 euros máis, IVE, e os intereses de demora que se xeneren dende o 28/07/11 ata a data do seu pagamento.

❖ polo segundo prazo da BB8: 225.000 euros, máis IVE , e os intereses de demora que se xeneren dende o 28/01/11 ata a data do seu pagamento.

❖ polo terceiro prazo da BB8: 375.000 euros máis, IVE, e os intereses de demora que se xeneren dende o 28/03/11 ata a data do seu pagamento.

❖ polo segundo prazo da BB11: 162.000 euros, máis IVE , e os intereses de demora que se xeneren dende o 28/01/11 ata a data do seu pagamento.

❖ polo terceiro prazo da BB11: 270.000 euros máis, IVE, e os intereses de demora que se xeneren dende o 28/07/11 ata a data do seu pagamento

A) Deberá achegar os xustificantes de pago no prazo establecido. Unha vez efectuado o pagamento das cantidades adebedadas na adxudicación das parcelas do SUNP-12 se pedirá turno notarial, comunicándolle lugar, día e hora para proceder a súa formalización.

B) Advírtese que en caso de desantender o requirimento de pago, procedería a resolución da compravenda consonte ao previsto no propio prego, con retención das cantidades aboadas ata o momento en aplicación da penalidade prevista da adxudicación da parcelas do SUNP-12, cumulativa á penalidade adicional por danos nas parcelas polo deterioro nas parcelas.

C) Dar traslado dos informes nos que se concreta o coste de reposición polos danos irrogados nas estruturas comezadas, expostas ás inclemencias e abandonadas, cuio custe de reposición se estima en de 284.310,44 euros na BB7, de 247.767,66 euros na BB8 e de 144.802,22 na BB11, aos efectos do trámite de audiencia previo á resolución e iso sen prexuízo doutras accións que se consideren oportunas.

7. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: Omision R/2023/110.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por UTE D TELEFONICA DE ESPAÑA SAU TELEFONICA MOVILES, en concepto de servizo de prestación do Plan Corporativo e Conexións fixas e mobiles correspondentes ao mes de xaneiro de 2023.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de dezaioito mil setecentos vinte euros e vintecatros céntimos (18.720,24 euros), segundo a relación de facturas S/2023/110, que figuran no expediente, en concepto de catro (4) prestación polo plan corporativo e conexión correspondente ao período de xaneiro de 2023.

Terceiro.- Dispor a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

8. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2023/00013289E.

Pagamento do reintegro correspondente á diferenza entre os cobros percibidos e o gasto total declarado como subvencionable do Proxecto Europeo “SMARTER TOGETHER”.

Acórdase realizar o pagamento do reintegro correspondente á diferenza entre os cobros percibidos e o gasto total declarado como subvencionable do Proxecto Europeo “SMARTER TOGETHER”, por un importe de 29.868,91 €, a favor da entidade SLP LYON CONFERENCE, xefe de fila do proxecto.

9. TESOURERÍA. Referencia: 2023/00008698D.

Modificación da ordenanza 1.03 reguladora do Imposto sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana.

Apróbase a modificación da ordenanza fiscal 1.03 para a súa entrada en vigor ao día seguinte da publicación do acordo do Pleno de aprobación definitiva das modificacións e do texto modificado da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

10. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2023/00020825Z.

Préstamo temporal de documentos ao Colexio Oficial de Arquitectos de Madrid para unha exposición con motivo do 150 aniversario do arquitecto Antonio Palacios Ramilo.

Acordase:

Primeiro. Autorizar o préstamo temporal, a favor do Colexio Oficial de Arquitectos de Madrid (COAM), dos seguintes documentos da titularidade do Concello de Santiago de Compostela:

A. Documentos depositados no Arquivo Histórico Universitario de Santiago de Compostela:

☐ Plano da fachada principal do pavillón modernista do Paseo da Ferradura de Santiago (1909). Sinatura: A.M. 603, fol. 216.

☐ Plano da fachada posterior do pavillón modernista do Paseo da Ferradura de Santiago (1909). Sinatura: A.M. 603, fol. 217.

☐ Plano da fachada lateral do pavillón modernista do Paseo da Ferradura de Santiago (1909). Sinatura: A.M. 603, fol. 218.

☐ Plano do andar baixo do pavillón modernista do Paseo da Ferradura de Santiago (1909). Sinatura: A.M. 603, fol. 219.

☐ Plano do soto do pavillón modernista do Paseo da Ferradura de Santiago (1909). Sinatura: A.M. 603, fol. 220.

☐ Carpeta do proxecto da Rúa de Galicia de Santiago (1932- 1935). Sinatura: A.M. 2.496.

☐ Memoria do proxecto da Rúa de Galicia de Santiago (1932- 1935). Sinatura: A.M. 2.496, Exp. 1.

☐ Plano do proxecto da Rúa de Galicia de Santiago (1932- 1935). Sinatura: A.M. 2.496, Exp. 2.

☐ Orzamento e lexislación do proxecto da Rúa de Galicia de Santiago (1932-1935). Sinatura: A.M. 2.496, Exp. 3.

☐ Memoria relativa ás posibles localizacións da sede do Banco de España. Proxecto da Rúa de Galicia de Santiago (1932- 1935). Sinatura: A.M. 2.496, Exp. 4.1.

☒ Plano relativo ás posibles localizacións da sede do Banco de España. Proxecto da Rúa de Galicia de Santiago (1932- 1935). Sinatura: A.M. 2.496, Exp. 4.2.

☒ Memoria relativa ás variantes nas aliñacións das rúas. Proxecto da Rúa de Galicia de Santiago (1932- 1935). Sinatura: A.M. 2.496, Exp. 5.1.

☒ Plano relativo ás variantes nas aliñacións das rúas. Proxecto da Rúa de Galicia de Santiago (1932- 1935). Sinatura: A.M. 2.496, Exp. 5.2.

B. Documentos depositados no Museo do Pobo Galego:

☒ Proxecto para a Rúa de Galicia de Santiago de Compostela. 1932.

A cesión temporal dos bens indicados suxéitase ao cumprimento estrito das seguintes condicións:

☒ Os bens cedidos unicamente se poderán destinar á súa exhibición proxecto expositivo “Antonio Palacios. El rumor de la Historia, el ruido del tiempo”, no marco das actividades de conmemoración do 150 aniversario do nacemento do arquitecto Antonio Palacios Ramilo”. Calquera outro uso deberá ser previamente autorizado.

☒ O préstamo temporal comprende desde o momento da recollida dos bens ata a súa entrega e a súa duración máxima será coincidente coa da mostra para a que se ceden. A prórroga deste período require de autorización municipal.

☒ O COAM garantirán a adecuada conservación dos bens cedidos e responderá da súa seguridade e vixilancia, para o que deberá contratar os seguros polos importes determinados. Todos os aspectos loxísticos e de seguridade adecuaranse ao código deontolóxico do ICOM.

☒ Na exposición no catálogo da exposición farase constar a súa cesión polo Concello de Santiago de Compostela, do seguinte xeito:

☒ Concello de Santiago de Compostela. Depositado no Museo do Pobo Galego/ Depositado no Arquivo Histórico Universitario (segundo proceda en cada caso).

☒ Unha vez rematada a mostra para a que se ceden, os bens serán devoltos aos seus depósitos no mesmo estado no que foron entregados. De aprezarse algunha incidencia, de calquera natureza, nos bens devoltos, farase constar nun informe.

Segundo. Autorizar a reprodución de imaxes dos bens que se prestan no catálogo ou publicacións que se elaboren con motivo da exposición. A publicación con calquera outra finalidade diferente ou non vencellada directamente ao proxecto expositivo “Antonio Palacios. El rumor de la Historia, el ruido del tiempo” deberá ser previamente autorizada.

Terceiro. Notificar este acordo aos interesados para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.

11. MOCIDADE. Referencia: 2023/00015714D.

Aprobación do Campamento de verán de surf en Oleiros, para mozos e mozas de 14 a 17 anos, a celebrar entre o 30 de xuño e o 7 de xullo e do seu prezo público.

Acórdase:

1. Aprobar a Memoria do Programa Surf Camp en Oleiros verán 2023, a realizar no período comprendido entre o 30 de xuño e o 7 de xullo de 2022, no Concello de Oleiros no albergue de Santa Cruz, de acordo coas características recollidas no presente informe e na Memoria do Programa.

2. Aprobar o prezo público do campamento de verán da Concellaría de Mocidade, Campamento de Surf en Oleiros en virtude do artigo 44.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os termos establecidos no presente informe, no informe de prezos públicos e na memoria do programa de actividades:

- Tarifa reducida por participante: Cota de 120 €

- Tarifa reducida con desconto do 16,66%: Cota de 100 € en caso de 2º irmán/a participante (ao segundo irmán/á) e en caso de familia numerosa a todos os membros que participen na actividade.

- Aplicarase un desconto do 100 % aos participantes que proveñan de familias n risco de exclusión social, previo informe do departamento municipal de Servizos Sociais nos termos establecidos no informe.

A previsión de ingresos derivado do pago das cotas dos participantes prevese en 3.600,00 €. Os pagamentos deberán realizarse antes do prazo límite do 19 de xuño

12. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00019157W.

Dación de conta da sentenza recaída no procedemento PO 281/2021 CA2.

Dase conta da Sentenza nº 55/2023 do 28.03.2023.. Procedemento Ordinario 281/2021 do Xulgado Contencioso administrativo nº 2

Demandante: JESUGAR S.L.

Obxecto: Contra Decreto 2021/306 do 18.01.2021 e Decreto que desestima recurso de reposición contra o anterior, referido á ineficacia de comunicación previa para oficina inmobiliaria en rúa Rosalía de Castro 59 baixo.

A sentenza é favorable aos intereses municipais, xa que desestima a demanda e declara axustados a dereito os actos recorridos. En efecto, o Xulgado acolle todos os argumentos esgrimidos pola defensa do concello referidos á inaplicabilidade do DA DB-SUA/2 por non contar o local con licenza anterior; o carácter meramente informativo e non regulamentario dos comentarios da Dirección Xeral de Arquitectura ao CTE e a falta de proba pola demandada da imposibilidade técnica ou económica. Pola contra, estima probada *mediante a testigo-perito proposta polo concello*-a posibilidade de ubicar un aseo accesible mantendo os postos de traballo proxectados.

A dita sentenza declarouse firme pola Dilixencia de Ordenación 09.05.2023. Impóñense á demandante cun límite de 700 euros.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remítala ao Departamento de urbanismo para os efectos do seu coñecemento.

13. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00022714V.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 5 al 11 de maio de 2023.

URXENCIAS

14. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00056484G

Aprobación do expediente de contratación "Obras de "Mellora dos accesos á Almaciga: Ámbito Pastoriza""

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente denominado *Obras de "Mellora dos accesos á Almaciga: Ámbito Pastoriza"*, cun orzamento base de licitación de 331.735,79 € (base imponible de 274.161,81 € máis IVE do 21% de 57.573,98 €).

Segundo: Abrir o procedemento aberto simplificado de adxudicación.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de e 331.735,79 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 060 15321 6190004 (Código de proxecto: 2022 4 RLTOU 47 4).